




## Plan DigiTalent. Actividades do primeiro trimestre do 2022.


- 


**Altia FP Dual**  
Aproximación da empresa á FP, alternando estancias formativas no centro de formación e na empresa ata rematar, obtendo o ciclo de FP Dual.
- 


**Observatorio DXC**  
Programa de colaboración coa USC para o desenvolvemento de proxectos de fin de estudos baixo titorización, cun premio ao mellor traballo.
- 

**Visitas ao Data Center**  
Visitas guiadas polos profesionais de Altia ao seu centro de servizos xestionados do Data Center de Vigo, que conta con 400 m<sup>2</sup> de salas técnicas.
- 


**Gentech**  
Conversas entre o alumnado e profesionais do sector TIC que expoñen a súa experiencia dende unha perspectiva real e inspiradora.
- 

**Retorna dixital**  
Iniciativa para atraer galegos e galegas do sector TIC de volta a Galicia, ofrecéndolles a oportunidade de comezar unha nova carreira profesional.
- 



**DXC Iberia Codes**  
Concurso de programación de Scratch por parellas seguindo unha pautas e unha temática establecida sobre o cambio climático.
- 


**Altia Techday**  
Workshops para achegar coñecementos en tecnoloxías a futuros profesionais con ferramentas que son base para proxectos reais.
- 

**AltiaStaging**  
Propostas de diversos TFG e TFM a alumnado das facultades de informática ideados co obxectivo de realizar un traballo innovador e con proxección.




### LENDA

- 
Iniciativas destinadas á infancia e adolescencia
- 
Iniciativas destinadas aos novos perfís dixitais



Preme nas iconas das actividades para acceder a máis información 

## Plan DigiTalent. Actividades do primeiro trimestre do 2022.

	<p><b>Altia Premia</b> Estudantes da ETSE de Santiago que defendan os seus TFG no curso académico 2020/2021 poden optar a este premio de recoñecemento.</p>
	<p><b>Programa UNIQA</b> Catro sesións formativas para fomentar a especialización tecnolóxica e o desenvolvemento profesional das mulleres no ámbito STEM.</p>
	<p><b>Mentoring Day</b> O alumnado estará acompañado dun profesional que lle amosará as labores, interaccións entre áreas e a importancia do traballo no produto final.</p>
	<p><b>Taller Deseño e Impresión 3D</b> Obradoiro sobre o desenvolvemento industrial dun produto, o papel do pretest, facendo un percorrido polas técnicas de prototipos ao longo do tempo.</p>
	<p><b>Foro Tecnolóxico UVIGO</b> Iniciativa das delegacións de alumnado de telecomunicacións, minas e industriais para a xeración dun espazo de contacto co mundo laboral.</p>
	<p><b>Webinars TransformaTech Sessions – Talento Xove</b> Ciclos de webinars sobre tecnoloxías disruptivas na sociedade dixital impartidas polos profesionais das entidades colaboradoras adheridas á iniciativa.</p>
	<p><b>Taller Iluminación LED</b> Sesión introdutoria á tecnoloxía LED dentro do ámbito enerxético como tecnoloxía do futuro da iluminación.</p>
	<p><b>Taller Robótica colaborativa</b> Taller para promover entre o alumnado a robótica colaborativa, seguridade en máquinas e relación entre máquina e persoa.</p>



### LENDAS

-  Iniciativas destinadas á **infancia e adolescencia**
-  Iniciativas destinadas aos **novos perfís dixitais**

Preme nas iconas das actividades para acceder a máis información 